



UN PAXE REAL EN APUROS



Nadal / Cantigas / Int-Ext
Idade: P. familiar / P. Infantil (4-10 anos)
Duración: 60 minutos

@Caxoto_
653 61 61 26
www.atrastendadoscontos.com

UN PAXE REAL EN APUROS

PÚBLICO	Público familiar / Infantil de 4 a 10 anos
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Letras Galegas 2021/ Xela Arias / Int-Ext /
SINOPSE	<p>“Un Paxe Real en Apuros” tráenos a visita dun dos axudantes das súas maxestades os Reis Magos. Está un pouco alterado porque está pasando por unha das épocas máis complicadas do ano xa que nestes días non hai descanso: Envolver agasallos, mirar quen se portou ben ou mal, ler todas as cartas, o atracón de traballo da noite de Reis... Por todo isto o paxe está ó borde do colapso quedándose durmido en calquera esquina e cos nervios a flor de pel.</p> <p>Unha vez que se tranquilice o Paxe Real falaranos do que hai que facer na noite de reis, que deixarlles de comer, a importancia de non deixar un monopatín no chan, ... e por suposto de non esquecerse facer pis antes de ir para a cama.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica Conexión eléctrica Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto) Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO



Un Paxe Real estresado con tanto traballo por diante

Educación en valores: Solidariedade, consumo responsable, "portarse ben", ...



As tradicións do Nadal ao longo da historia



**A TRASTENDA
DOS CONTOS**

@caxoto_
653 61 61 26
caxoto@atrastendadoscontos.com
www.atrastendadoscontos.com

SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

